

CONSULTA 001/2017 REMITIDA POR UN PARTICULAR SOBRE O ACCESO A DETERMINADOS EXPEDIENTES SANCIONADORES

En relación ás dúbidas que nos presenta:

- 1ª) Pode o denunciante acceder a un expediente sancionador en curso pola aplicación da Lei da transparencia?.
- 2ª) No caso de que o expediente estea rematado, pode o denunciante acceder a un expediente sancionador?.
- 3ª) Dereitos que ten o denunciante para acceder a os datos dun expediente sancionador?.

Temos que informarlle o seguinte:

En materia de procedemento sancionador e transparencia hai que ter en conta:

a) A definición da transparencia dos artigos 13 Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (dende agora LTABG) e o artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (dende agora LTBG).

Estes artigos a definen como: *“Enténdese por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”.*

b) O artigo 15 da LTABG establece a seguinte limitación para informar en materia de procedemento sancionador; *“se a información inclúisedatos relativos á comisión de infraccións penais ou administrativas que non conlevasen a amoestación pública ao infractor, o acceso solo se poderá autorizar no caso de que se conte co consentimento expreso do afectado ou se aquel estivera amparado por unha norma con rango de lei.”*

Hai que ter en conta que o artigo 15, como xa remarcou o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno* (dende agora CTBG), solo se aplica a datos de carácter persoal, ou o que é o mesmo, solo se aplica a persoas físicas e non a persoas xurídicas.

Agora ben, o artigo 15 da LATBG tamén di que *“Con carácter xeral, e salvo que no caso concreto prevaleza a protección de datos persoais ou outros dereitos constitucionalmente protexidos sobre o interese público na divulgación que o impida, se concederá o acceso a información que conteña datos meramente identificativos relacionados coa organización, funcionamento ou actividade pública do órgano”*. Por tanto, hai que ter en conta o artigo 7.5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, que cataloga como datos especialmente protexidos *“Los datos de carácter personal relativos a la comisión de infracciones penales o administrativas, sólo podrán ser incluidos en ficheros de las Administraciones públicas competentes en los supuestos previstos en las respectivas normas reguladoras”*.

Polo tanto, a lei permite dar datos estatísticos numéricos dos procedementos sancionadores, pero para o acceso a un expediente sancionador concreto, salvo que leve unha amoestación pública ao infractor, ou unha norma con rango de lei o ampare, é necesario o consentimento expreso do afectado.

Hai un terceiro suposto na lei que é que o afectado fixera manifestamente públicos os datos con anterioridade a que se solicitase o acceso.

c) Tamén hai que ter en conta no caso deste acceso a un procedemento o que a LTABG establece na disposición adicional primeira, que é a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo, será aplicable ao acceso por parte dos que teñan a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso, aos documentos que se integren no mesmo. Agora ben, hai que ter en conta o recollido no artigo 62.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que di que *“a presentación dunha denuncia non confire, por si soa, a condición de interesado no procedemento”*.

Esta Lei 39/2015, do 1 de outubro, tamén di que a incoación da iniciación se comunicará ao denunciante cando as normas reguladoras do procedemento así o previran.

d) Dado que a Consulta se fai para un procedemento administrativo sancionador en materia de turismo, hai que recoller tamén o disposto na vixente Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia. Esta norma no seu artigo 117 di que *“As sancións por infraccións graves e moi graves que comporten a suspensión da actividade turística ou do exercicio profesional serán publicadas no Diario Oficial de Galicia, unha vez que adquirisen firmeza”*. Por tanto, temos unha norma con rango de lei, que establece supostos de publicidade activa das sancións no DOG para as infraccións graves ou moi graves, que conleven suspensión da actividade turística ou do exercicio profesional.

Para as infraccións reguladas nesta lei, o artigo 121 establece, con determinadas condicións, as posibilidades de reparar, conciliar ou rectificar, simultaneamente ou previamente á incoación do expediente sancionador. Nestes casos, a lei di que *“A conciliación e a reparación plena comportarán o arquivo das actuacións ou a atenuación das sancións, atendendo a natureza e a gravidade dos prexuízos causados. A reparación parcial unicamente poderá dar lugar á atenuación das sancións”*. Evidentemente, é unha tramitación separada aos procedementos sancionadores en materia de turismo, pero que afecta ao sancionador e na que participa o usuario/a turístico/a, polo que vai a dispoñer dalgunha información respecto aos feitos sobre os que se incoa o expediente sancionador.

O artigo 122. 4 da lei de turismo de Galicia di que *“O acordo de incoación comunicáraselle ao instrutor, con traslado de cantas actuacións se realizasen, e notificaráselles aos presuntos responsables, así como ao denunciante no caso de que no seu escrito de denuncia formulase, expresamente, unha solicitude de iniciación de procedemento sancionador. No caso contrario, o acordo de incoación será comunicado ao devandito denunciante”*.

e) En conclusión, respecto ás súas preguntas:

- **1ª)** *Pode o denunciante acceder a un expediente sancionador en curso pola aplicación da Lei da transparencia?*

Nun expediente sancionador en curso en materia de turismo, o denunciante non se corresponde co interesado. O denunciante ten dereito a coñecer a incoación do expediente.

Se fixo unha folla de reclamación e está nalgún dos supostos do artigo 121, ten dereito a conciliar, ou a recibir unha reparación plena, que segundo os casos legalmente indicados pode dar lugar ao peche ou non incoación do expediente sancionador.

Se se trata de infraccións graves ou moi graves, coas condicións do artigo 117 da Lei de turismo de Galicia, si hai interese público e polo tanto, se pode ter dereito de acceso á información pública.

Ten dereito ao acceso sempre que o infractor acceda a elo, ou ben o publicitara con anterioridade á petición do denunciante.

- **2ª)** *No caso de que o expediente estea rematado, pode o denunciante acceder a un expediente sancionador?:*

Aínda que o expediente estea rematado, segue implicando informar sobre datos relativos a infraccións administrativas, por tanto ten as limitacións sinaladas para un procedemento en curso. Se poden dar datos numéricos, ou xenéricos ou aqueles nos que o sancionado ben o autoriza, ben ten publicitado el mesmo a situación, pero non o acceso íntegro, salvo nos casos que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia o permite, no sentido xa indicado.

- **3ª)** *Dereitos que ten o denunciante para acceder a os datos dun expediente sancionador:*

Como xa queda indicado son os que establece a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia:

- A ser notificado da incoación tal como establece esa norma legal.
- A participar na conciliación ou na aceptación da reparación segundo o previsto no artigo 121 desa norma legal.

Milagros María Otero Parga
Comisionado da Transparencia